



Expediente nº: 131/2/2022/PN

Resolución da Alcaldía

Procedemento: Contrato de subministros por procedemento negociado sen anuncio previo de licitación

Asunto: Contratación da actuación de transformación do punto de venta. Concepto financiable II da memoria da actuación "Ourense Norte Puede", dentro das axudas para o apoio da actividade comercial en zonas rurais no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia

Resolución da Alcaldía

Á vista dos seguintes antecedentes:

Expediente	Procedemento	Resolución	Data
131/2/2022/PN	Informe de Intervención sobre órgano competente	Alcaldía	07/03/2024

Á vista do expediente de contratación tramitado:

Expediente	Procedemento	Resolución	Data
131/2/2022/PN	Proposta de contratación da Alcaldía	Memoria Xustificativa	07/03/2024
131/2/2022/PN	Informe do Servizo		07/03/2024
131/2/2022/PN	Informe de Secretaría		07/03/2024
131/2/2022/PN	Resolución da Alcaldía de inicio		07/03/2024
131/2/2022/PN	Prezo de Cláusulas Administrativas Particulares		07/03/2024
131/2/2022/PN	Prezo de Prescricións Técnicas		07/03/2024
131/2/2022/PN	Certificado de existencia de crédito		07/03/2024
131/2/2022/PN	Informe-proposta de Secretaría		07/03/2024
131/2/2022/PN	Informe de Fiscalización fase «A»	Favorable, tramítese	07/03/2024

Á vista das circunstancias que xustifican a utilización do procedemento negociado sen anuncio previo de licitación:

Dentro dos supostos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, para a aplicación do procedemento negociado sen publicidade, no seu artigo 168, inclúese o caso de que non se presentara ningunha oferta en resposta a un procedemento aberto ou a un procedemento restrinxido, ou ningunha oferta adecuada, sempre que as condicións iniciais do contrato non se modifiquen substancialmente, sen que en ningún caso se poida incrementar o orzamento base de licitación nin modificar o sistema de retribución.

No presente caso, cumprense este requisito [artigo 168.a).1º da Lei 9/2017]), segundo se desprende da relación de licitadores presentados, obtida da Plataforma de Contratación do Sector Público e da proposta de declaración de deserto do procedemento, feita pola Mesa de Contratación, en sesión de data 2 de marzo de 2023. Na súa consecuencia, por Resolución da Alcaldía, de data 2 de marzo de 2023, acordouse declarar deserto o procedemento aberto, e iniciar a tramitación da súa contratación a través do procedemento negociado sen publicidade, previsto nos artigos 169 e 170 da Lei 9/2017.

Acudir a este procedemento vai conseguir unha tramitación mais sinxela, adecuada ao importe e tamaño do da entidade local, e, ao mesmo tempo, darlle cumprimento aos principios de transparencia dos procedementos, e non discriminación e igualdade de trato entre os licitadores, previstos no artigo 1 da Lei 9/2017, conseguindo a execución do obxecto da licitación.

Asemade, debe terse en conta que, segundo a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea (Sala Octava), do 16 de xuño de 2022, o procedemento aberto e o negociado sen publicación previa posterior forman un conxunto indisoluble, polo que os operadores económicos potencialmente interesados en dito mercado tiveron a oportunidade de manifestarse e de competir entre si (67), non actuando de





CONCELLO DE SAN XOÁN DE RÍO

Praza da Constitución, 1
32770 San Xoán de Río
Telf.: 988346002 Fax: 988346130
e-mail: concello@concellosanxoanderio.com

maneira dilixente ao non presentar unha oferta adecuada no marco dun procedemento aberto, nin sendo obrigatorio para o órgano de contratación a negociación con eles, no marco do procedemento negociado sen publicación previa ulterior (68).

Á vista das características do contrato que preténdese adxudicar:

Tipo de contrato: Administrativo	
Subtipo do contrato: Subministro	
Obxecto do contrato: Subministrados destinados á transformación do punto de venta para apoio da actividade comercial en zonas rurais	
Procedemento de contratación: Aberto	Tipo de tramitación: Ordinaria
Código CPV: 29865110-4 Sistema de depósito 30210000-4 Máquinas procesadoras de datos (hardware) 30213200-7 Tablets dixitais 34223400-0 Remolques e semirremolques do tipo caravana 39100000-3 Mobiliario	
Valor estimado do contrato: 75.200,00 euros	
Orzamento base de licitación IVA excluído: 75.200,00 euros	IVA%: 15.792,00 euros
Orzamento base de licitación IVA incluído: 90.992,00 euros	
Duración da execución: 7 meses	Duración máxima: 7 meses

Lotes:

Lote 1	Código CPV: 39100000-3. Mobiliario
Descrición do lote: Equipamento básico HUBs (3 pequenos HUBs situados estratexicamente)	
Valor estimado: 10.000,00 euros	
Orzamento base de licitación IVE excluído: 10.000,00 euros	IVE%: 2.100,00 euros
Orzamento base de licitación IVE incluído: 12.100 euros	
Lugar de execución: Casa do Concello	

Lote 2	Código CPV: 34223400-0. Remolques e semirremolques do tipo caravana
Descrición do lote: Investimento en caseta física móbil	
Valor estimado: 9.800,00 euros	
Orzamento base de licitación IVE excluído: 9.800,00 euros	IVE%: 2.058,00 euros
Orzamento base de licitación IVE incluído: 11.858,00 euros	
Lugar de execución: Casa do Concello	

Lote 3	Código CPV: 30210000-4. Máquinas procesadoras de datos (hardware)
Descrición do lote: Adquisición de TPVs para comercio local	
Valor estimado: 3.600,00 euros	
Orzamento base de licitación IVE excluído: 3.600,00 euros	IVE%: 756,00 euros
Orzamento base de licitación IVE incluído: 4.356,00 euros	
Lugar de execución: Casa do Concello	

Lote 4	Código CPV: 30213200-7. Tablets dixitais
Descrición do lote: Adquisición de tablets para venta na Plataforma	
Valor estimado: 7.800,00 euros	

Cod. Validación: AD5EK3C37A3KTGPH2LQZMALV4
Corrección: https://sanxoanderio.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona.esPublico | Páxina 2 a 4



Financiado por la Unión Europea
NextGenerationEU



GOBIERNO
DE ESPAÑA

MINISTERIO
DE ECONOMÍA, COMERCIO
Y EMPRESA

SECRETARÍA DE ESTADO
DE COMERCIO



Plan de Recuperación,
Transformación
y Resiliencia





Orzamento base de licitación IVE excluído: 7.800,00 euros	IVE%: 1.638,00 euros
Orzamento base de licitación IVE incluído: 9.438,00 euros	
Luqar de execución: Casa do Concello	

Lote 5	Código CPV: 42933300-8. Máquinas automáticas expendedoras de produtos
Descrición do lote: Máquinas de vendina situadas estratexicamente polo territorio	
Valor estimado: 19.000,00 euros	
Orzamento base de licitación IVE excluído: 19.000,00 euros	IVE%: 3.990,00 euros
Orzamento base de licitación IVE incluído: 22.990,00 euros	
Luqar de execución: Casa do Concello	

Lote 6	Código CPV: 29865110-4. Sistemas de depósito e 44422000-4. Caixas de correo
Descrición do lote: Caixas de correo dixitais de entrega/recollida de mercancía	
Valor estimado: 25.000,00 euros	
Orzamento base de licitación IVE excluído: 25.000,00 euros	IVE%: 5.250,00 euros
Orzamento base de licitación IVE incluído: 30.250,00 euros	
Luqar de execución: Casa do Concello	

Á vista das necesidades a satisfacer:

Creación dunha plataforma dixital na que todos os comerciantes e produtores locais poidan expoñer seus produtos, e todos os habitantes (tanto da zona que abarca o proxecto, como externos) poidan adquiri-los produtos ofertados. A plataforma disporá de ferramentas para o análise de datos, enfocados na mellora das cadeas produtivas e a eficiencia dos comercios integrantes. Así mesmo, incluírá a posibilidade de realizar accións de marketing online, vídeos en directo, e apoiará activamente aos comerciantes, a través de seu persoal interno.

Deseño e posta en marcha dunha rede ecolóxica de distribución para incidir na comodidade e sustentabilidade da distribución entre os concellos implicados, e facilita-la compra dos produtos.

O presente expediente, trátase dun contrato de subministros no que, englobados como actuacións dirixidas á transformación do punto de venda, compréndense a realización dos seguintes obxectivos: ubicación HUBs e equipamento e adquisición de caseta física, TPVs para comercio local, tablets para venda na Plataforma, máquinas de vending e caixas de correo dixitais..

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe de Secretaría, e de conformidade co acordo de delegación do Pleno, en sesión celebrada o derradeiro 31 de xaneiro de 2023, e segundo o establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014,

Resolvo

Primeiro. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento negociado sen anuncio previo de licitación, para subministros destinados á transformación do punto de venda para apoio da actividade comercial en zonas rurais, dentro das axudas para o apoio da actividade comercial en zonas rurais no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado polo Ministerio de Industria, Comercio e Turismo.





Segundo. Aprobar o gasto correspondente:

Expediente	Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe
131/2/2022/PN	2024	439-627.00	90.992,00

Terceiro. Aprobar os Pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato.

Cuarto. Dar conta desta Resolución a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

Quinto. Invitar as seguintes tres empresas capacitadas para o cumprimento do obxecto do contrato, a participar no procedemento e a que presenten súas ofertas:

- Sergio Veiga Domínguez
C/ Laureano Peláez, 3 – 2º D
32600 Verín
svdocio@gamil.com
- José Antonio Quintas Firvida
Canella Cega, 8
32600 Verín
quintas1989@gmail.com
- Saudeter, S.L.U.
Avda. De Castilla, 135
32600 Verín
gestion@saudeter.com

Sexto. Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o Prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas.

Sétimo. Que por esta Alcaldía se proceda á designación dos membros da Mesa de Contratación, na forma e momento sinalados na cláusula décimo cuarta do Prego de cláusulas administrativas particulares, así como dos compoñentes da Comisión Negociadora, segundo o sinalado na cláusula décimo quinta do Prego de cláusulas administrativas particulares.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

